

**RESOLUCIÓN DO CONSELLO REITOR DO IGAEM DO 23 DE XULLO DE 2007:
ADXUDICACIÓN DE AXUDAS AO SECTOR ESCÉNICO E MUSICAL,
NA SÚA MODALIDADE "B": AXUDAS Á DISTRIBUCIÓN**

1. Modalidade B-1 (Axudas para a distribución exterior de espectáculos de artes escénicas e musicais):

PERSOA SOLICITANTE	Nº REX.	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA	OBXECTO DISTRIBUCIÓN
TEATRO ENSALLE, S.L.L.	513.1	5.700 €	3.720 €	Xira do espectáculo <i>Te has perdido el mar</i>
TEATRO ARTE-LIVRE*	609	49.320 €	10.920 €	Actuacións no Novo Teatro "Gazeta" de São Paulo (Brasil)
FER TRÉCOLA, S.L.**	1808	840 €	0 €	Feira de Mostras de Vegadeo
FER TRÉCOLA, S.L.**	1813	770 €	0 €	C.P. Grandas de Salime (Asturias)
TEATRO BURATINI (Pablo Suárez Méndez)	2079	228 €	128 €	Xira en Asturias (praia de Poniente-Xixón)
Cía. de Danza INQUEDANZA (Estefanía Vázquez Seoane)	2267	2.000 €	2.000 €	II Fest. de Danza en Paisaxes Urbanos (Suecia)
PISANDO OVOS, S.C.	2318	4.040 €	2.480 €	Festival Los Veranos de la Villa (Madrid)
CULTUR@CTIVA, SOC. COOP. GALEGA	2383	620 €	500 €	TEATREJADA-2007

* A cantidade asignada á Cía. de Teatro **ENCENA PROD. TEATRAIS, S.L. (TEATRO ARTE-LIVRE)** irá destinada á xustificación dos gastos efectivamente realizados nas funcións celebradas no **Novo Teatro "GAZETA"** en São Paulo (Brasil), dentro do ano natural (até o 15 de decembro de 2007, como data límite), consonte coa Base 7ª epígrafe b) do Capítulo VI.

** EXCLUÍDA por incumprimento dos requisitos xerais previstos na convocatoria de axudas, base 7ª, epígrafe 1.2º, do Capítulo III (non presentar a documentación preceptiva reclamada dentro do prazo estipulado no requirimento).

2 Modalidade B-2 (Axudas para a asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical):

PERSOA SOLICITANTE	Nº REX.	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA	OBXECTO DISTRIBUCIÓN
NORDESÍA PRODUCCIÓN, S.L.	1528	700 €	420 €	Asistencia ao festival musical SONAR 07
COH3, SOCIED. COOP. GALEGA	1677	1.814,94 €	550 €	Asistencia ao festival musical SONAR 07
VACALINE, S.C.*	1923	360 €	0 €	Asistencia ao festival musical SONAR 07

* EXCLUÍDO por incumprimento dos requisitos específicos da modalidade *B-2*, recollido no punto 2º.b) do capítulo VI (non figurar como sociedade mercantil dedicada á actividade de produción e distribución de espectáculos musicais).

Esta resolución de concesión de axudas é definitiva na vía administrativa, consonte co disposto no art. 10.1 do Decreto 287/2000, e contra ela caberá interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de **dous meses**, a contar dende o día seguinte á data da súa notificación e previa comunicación ao órgano que ditou o acto, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Porén, esta resolución poderá ser tamén recorrida potestativamente en reposición, **no prazo dun mes** dende o día seguinte ao da súa notificación e ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos arts. 116, 117 e demais concordantes da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; todo isto de conformidade co establecido no apartado 4º da Cláusula NOVENA da presente convocatoria de axudas.

Así mesmo, e consonte co establecido na Cláusula DÉCIMO SEGUNDA, epígrafe 1.1º, os beneficiarios destas axudas terán a obriga de comunicar ao **IGAEM** a súa aceptación por escrito no prazo máximo de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da recepción efectiva da notificación da concesión.

No suposto de non comunicarse esta aceptación, entenderase que o beneficiario renuncia a esta axuda e perderá todo dereito á súa percepción.

Santiago de Compostela, o 23 de xullo de 2007